

Prevención de riscos no traballo con FITOSANITARIOS



do Issga

TENDE

Agro



Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral



MINISTERIO
DE AGRICULTURA, ALIMENTACIÓN
Y MEDIO AMBIENTE

GALICIA
inviste no **Rural**



XUNTA
DE GALICIA

Prevenção de riscos no traballo con FITOSANITARIOS

Que son os produtos fitosanitarios?	1
Rexistro de produtos fitosanitarios	2
A etiqueta I	3
A etiqueta II	4
A ficha de datos de seguridade (FDS)	5
Interacción co medio	6
Traballando con fitosanitarios I	7
Traballando con fitosanitarios II	8
Capacitación dos traballadores	9
Equipos de protección individual I	10
Equipos de protección individual II	11
Inspección de equipos de aplicación	12
Lexislación	13

Autoría: Ana María Vázquez Rodríguez, técnica superior en Prevención de Riscos Laborais

Coordinación: técnicos do Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral

José Rega Piñeiro

Lucía Ferrón Vidán

Edición: Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral (xuíño 2015)

Casa da Parra – Praza da Quintana, s/n - Santiago de Compostela

issga.xunta.es

Déposito Legal: C 1210-2015

Deseño e maquetación: Juli Molares

Esta obra está dispoñible para a súa consulta e descarga no seguinte enlace:

<http://issga.xunta.es/portal/contido/documentacion/publicacions/>

Esta obra distribúese cunha licenza CC-Atribución-CompartirIgual 3.0 España de Creative Commons.

Para ver unha copia da licenza, visite: https://creativecommons.org/licenses/by-sa/3.0/deed.es_ES



Que son os produtos fitosanitarios?

Son principalmente substancias ou mesturas de substancias químicas utilizadas para mellorar a produtividade agrícola

TIPOS OU FAMILIAS



- INSECTICIDAS, ACARICIDAS E FUNXICIDAS
- HERBICIDAS
- REGULADORES DO CRECEMENTO
- PRODUTOS PARA A CONSERVACIÓN DE VEXETAIS, ETC...

NON CONFUNDIR CON!


Non son biocidas

Non son fertilizantes

Non son conservantes de uso alimentario

COMPOSICIÓN

Están formados pola suma dunha ou varias substancias activas e por outras substancias



Ingredientes adxuvantes, sinerxistas e protectores

Axentes que axudan á dosificación e utilización do produto fitosanitario

Tolueno, xileno, etanol, isopropanol, acetona, ciclohexanona, acetato de etilo, etc

Nitratos, cloruros, talco, caolín, sepiolita, silicatos, carbonatos, sulfatos, etc

Axentes engadidos para cumprir con esixencias regulamentarias

Substancias colorantes, repulsivos e eméticos

Axentes que modifican as propiedades físico-químicas das substancias activas

Etilenglicol, gomas, colas, dimetil sulfóxido, etanolaminas, etc


Rexistro de produtos fitosanitarios

Para a súa comercialización debe estar autorizado e inscrito no Rexistro Oficial de Produtos Fitosanitarios do ministerio con competencia en agricultura

Consultas:


<http://magrama.gob.es/es/agricultura/temas/sanidadvegetal/productos-fitosanitarios/fitos.asp>

SELECCIÓN DO PRODUTO FITOSANITARIO



PARA ATOPAR AS RESPPOSTAS

1. Revisa a ETIQUETA



BUSCA sempre o número de rexistro na etiqueta!

2. Podes informarte no REXISTRO de produtos fitosanitarios

Rexistro de Produtos Fitosanitarios		
Nº Rexistro	Nome	Formulado (Substancias activas no produto fitosanitario)
22055	CÓMBI	FOLPET 40% + METALAXIL-M 4,8% [WP] P/P
24294	MZW	MANCOZEB 64% + METALAXIL-M 3,9% [WG] P/P
24397	CER	FOLPET 40% + METALAXIL-M 4,8% [WG] P/P

3. Consulta a ficha de datos de seguridade (FDS)



LEMBRA!

A forma física na que se presenta o fitosanitario vai influenciar o modo de aplicación e polo tanto tamén as medidas de protección que hai que adoptar

O fabricante indica sempre na etiqueta o tipo de preparado

Código Significado

AB	Cebo en gran
AE	Aerosol
WP	Po mollable
FG	Gran fino
GE	Fumigante

A etiqueta I

A etiqueta deberá informar sobre:

A perigosidade do produto

Os riscos que supón a súa manipulación ou uso

As medidas de seguridade que hai que adoptar

BUSCA o pictograma, as frases H e as frases P no teu envase!

PICTOGRAMA DE PERIGO	SIGNIFICADO/OS
PERIGOS FÍSICOS	
	Gases a presión (incluso gases seguros poden volverse perigosos cando están presurizados): - Gases contidos nun recipiente a presión: poden ser gases comprimidos, licuados (en estado líquido) ou disoltos (como o acetileno), poden explotar se se quentan - Gases licuados refrixerados: poden causar queimaduras ou lesións crioxénicas (debido ao frío)
	Explosivos: Produtos que poden causar unha explosión cando se quentan (por efecto dunha chama, unha faísca...)
	Inflamables: produtos en forma de gas, aerosol, líquido ou sólido que poidan: - Quentarse espontaneamente - Inflamarse en contacto co aire ou por efecto da calor - Producir gases inflamables ao estar en contacto coa auga - Reaccionar espontaneamente (descompóñense xerando moita calor)
	Comburentes: produtos en forma líquida, sólida, ou de gas que, xeralmente liberando osíxeno, poden provocar ou favorecer un incendio
	Corrosivos para os metais: produtos que atacan ou destrúen os metais
PERIGOS PARA A SAÚDE	
	Produtos que poden provocar danos importantes á saúde porque teñen algunha/s das seguinte/s propiedade/s perigosa/s: - Son canceríxenos: poden provocar cáncer - Son mutáxenos: poden provocar mutacións xenéticas nas células que nalgúns casos son herdadas polos fillos - Son tóxicos para a reprodución: afectan á fertilidade de homes e mulleres ou provocan abortos ou malformacións fetais - Son tóxicos xa que poden alterar o funcionamento de determinados órganos como o pulmón, o sistema nervioso..., nuns casos despois de estar exposto unha soa vez e noutros despois de repetidas veces - Presentan perigo por aspiración: produtos líquidos ou sólidos que de chegaren aos pulmóns (pola boca ou nariz, ou ao seren vomitados) poden danalos gravemente e poden incluso chegar a ser mortais - Son sensibilizantes respiratorios: poden provocar alerxias respiratorias (por exemplo asma)
	Moi tóxicos: produtos que poden intoxicar a unha persoa rapidamente, mesmo con pequenas doses, ao entrar en contacto coa pel, ou ao respiralos ou inxerilos. Poden chegar a provocar a morte
	Produtos que poden afectar á saúde por un ou varios destes motivos: - Poden intoxicar a unha persoa pero a doses elevadas - Irritan os ollos, a pel ou as vías respiratorias - Poden provocar alerxias na pel (eccemas, urticarias...) - Son narcóticos: provocan somnolencia ou mareos
	Corrosivos para a pel e os ollos: provocan queimaduras na pel a lesións nos ollos se se produce o contacto
PERIGOS PARA O MEDIO	
	Danan a capa de ozono: poden destruír a capa de ozono da atmosfera
	Perigosos para o medio: produtos que danan a vida acuática (peixes, crustáceos, algas, plantas acuáticas...)

Reflictitirá os datos que embaixo se relacionan, de xeito claro, lexible e indeleble, redactados polo menos no idioma español. Parte desa información pode presentarse nun folleto informativo que acompañe o produto

RISCOS E MEDIDAS PREVENTIVAS



Pictograma de perigo

.Indicacións de perigo (frases H)

.Palabras de advertencia, se procede

.Consellos de prudencia (frases P)

.Información sobre primeiros auxilios

.Nalgúns casos pode levar indicacións de risco especial, por exemplo "Tóxico en contacto con lo ojos" ou de precaucións de seguridade, por exemplo "Los cebos deben colocarse de forma que se evite el riesgo de ingestión por otros animales. Asegurar los cebos de manera que los roedores no puedan llevárselos"

.Condicións de almacenamiento

.Instrucións sobre a eliminación do produto (enxaugar tres veces o envase)

.Indicacións para a eliminación do envase (sistema integrado de xestión de envases –SIGFITO ou outro autorizado)

.Data de caducidade, se procede

.A prohibición de reutilizar o envase, cando proceda

IDENTIFICACIÓN

.Tipo de acción do produto fitosanitario (FUNXICIDA...)

.Tipo de preparado (GRANULADO...)

.Modo de acción do preparado

.Nome comercial

.Nome e enderezo do titular

.Número de rexistro

.Nome e cantidade de cada substancia activa (%p/p, %v/v, g/kg, g/l, UFC/g, segundo proceda)

.Número do lote

.Data de produción

.Cantidade neta do produto fitosanitario (g, kg, ml, l, segundo proceda)

.A frase <<LÉANSE LAS INSTRUCCIONES ADJUNTAS ANTES DE UTILIZAR EL PRODUCTO>>

.Utilización restrinxida a certas categorías de usuarios (por exemplo: USO AUTORIZADO A APLICADORES PROFESIONALES)

UTILIZACIÓN DO PRODUTO

.Usos autorizados

.Instrucións de uso

.Condicións de uso (Momento de aplicación)

.Dose de aplicación

.Precaucións para o emprego

.Período de seguridade (entre aplicacións, tras a aplicación para o acceso seguro a persoas ou animais, para a colleita e o consumo)

.Indicacións sobre a fitotoxicidade do produto ou outros efectos secundarios desfavorables

A ficha de datos de seguridade (FDS)

O provedor do fitosanitario facilitará de balde a FDS aos usuarios profesionais coa primeira entrega do produto. Poderá vir en papel ou en formato electrónico e sempre en castelán

Ficha de Datos de Seguridad

Ficha de Datos de Seguridad según Reglamento CE Nº 1907/2006
Fecha / actualizada el: 25.10.2012
Producto: (ID Nº 30270391/SDS_CPA_ES/ES)
Versión: 3.0
Fecha de impresión 27.10.2012

- Identificación de la sustancia/mezcla y de la sociedad/empresa**
Identificador del producto
Usos pertinentes identificados de la sustancia o de la mezcla y usos desaconsejados
Usos pertinentes identificados: producto fitosanitario, Herbicida
Datos del proveedor de la ficha de datos de seguridad
Teléfono de emergencia
- Identificación de los peligros**
Elementos de la etiqueta
Sistema Globalmente Armonizado, EU (GHS)
Pictograma:
Clasificación de la sustancia o de la mezcla
Conforme al Reglamento CE Nº 1272/2008 [CLP]
Lesión grave/Irritación ocular 1
Toxicidad aguda medio acuático 1
Toxicidad crónica medio acuático 1
- Composición/Información sobre los componentes**
Mezcla
Descripción Química
producto fitosanitario, Herbicida, granulado dispersable en agua
Ingredientes peligrosos (GHS)
según Reglamento (CE) Nº 1272/2008
2,4-Dithia-3,5-diazahexan-6-amide, N-(4,6-dimethoxy-2-pyrimidinyl)-3-methyl-, 2,2,4,4-tetraóxido
Contenido (P/P): 5 % Toxicidad aguda medio acuático 1
Número CAS: 120923-37-7 Toxicidad crónica medio acuático 1
H400, H410
- Primeros auxilios**
Descripción de los primeros auxilios
Quitar la ropa contaminada.
Tras inhalación:
Inhalar inmediatamente una dosis de aerosol con corticosteroides.
- Medidas en caso de vertido accidental**
Precauciones personales, equipo de protección y procedimientos de emergencia
Evite la formación de polvo. Utilizar ropa de protección personal. Evitar el contacto con la piel, ojos y vestimenta.

A FDS debe conter 16 apartados e a súa información estará actualizada

Apartado

1	Identificación do preparado e do responsable da comercialización
2	Identificación dos perigos
3	Composición e información sobre os compoñentes
4	Primeiros auxilios
5	Medidas de loita contra incendios
6	Medidas que deben tomarse en caso de vertedura accidental
7	Manipulación e almacenamento
8	Controis de exposición e de protección individual
9	Propiedades físicas e químicas
10	Estabilidade e reactividade
11	Informacións toxicolóxicas
12	Informacións ecolóxicas
13	Consideracións sobre a eliminación
14	Informacións relativas ao transporte
15	Informacións regulamentarias
16	Otras informacións

MANIPULA,
almacena e
xestiona os
residuos seguindo
as instrucións do
fabricante

AVERIGUA
como actuar no
caso de ter
algún accidente
co produto

INFÓRMATE
sobre
como debes protexerte

8. Controles de exposición/Protección personal
Parámetros de control
Controles de la exposición
Equipo de protección personal
Protección de las vías respiratorias:
Protección adecuada para las vías respiratorias a concentraciones elevadas o prolongada incidencia: Filtro de partículas con eficacia media para partículas sólidas y líquidas (p.ej EN 143 o 149, Tipo P2 o FFP2)

13. Consideraciones relativas a la eliminación
Métodos para el tratamiento de residuos
Debe ser eliminado en una planta incineradora adecuada, observando la legislación local vigente.

16. Otra información
El texto completo de las clasificaciones, incluyendo la indicación de peligro, los símbolos de peligro, las frases R y las frases H, en el caso que se mencionan en la sección 2 o 3:
H315 Provoca irritación cutánea.
H312 Nocivo en contacto con la piel.
H412 Nocivo para los organismos acuáticos, con efectos nocivos duraderos.
H319 Provoca irritación ocular grave.

BUSCA todas as frases R (H) ou
S (P) asociadas ao produto

Interacción co medio

VÍAS DE ENTRADA AO ORGANISMO

VÍA DIXESTIVA
(inxesta do produto
ou de comida e bebida
contaminada...)

VÍA PARENTERAL
(a través de danos
na pel, feridas
desprotexidas...)



VÍA RESPIRATORIA
(inhalación de substancias
e material biolóxico
suspendido na
atmosfera)

VÍA DÉRMICA
(salpicaduras, derramos,
roupa contaminada...)

EFFECTOS PREXUDICIAIS SOBRE A SAÚDE

EXPOSICIÓN DIRECTA

Intoxicación aguda


Dor de cabeza, mareos
Iritación ocular e das vías respiratorias,
dificultade respiratoria
Náuseas, vómitos, irritación da pel

Intoxicación crónica
(doenza)

Dermatite irritativa por contacto
Dermatite alérxica por contacto
Asma, bronquite aguda e crónica
Sarcoma de tecidos brandos, próstata
Párkinson, alzhéimer, cancro...

EXPOSICIÓN INDIRECTA

Inxesta de alimentos ou bebidas
contaminados ou que conteñen residuos de
produtos, inhalación de aire contaminado
por un fitosanitario, etc



EFFECTOS PREXUDICIAIS SOBRE O MEDIO

Eliminación de especies vexetais de interese para a agricultura e a gandería, alteración de poboacións de microorganismos do solo e de insectos polinizadores, aparición de pragas resistentes aos fitosanitarios, contaminación do solo, ríos, augas subterráneas e contaminación do aire



Traballando con fitosanitarios I

Pensa na túa seguridade e na túa saúde antes de empezar a traballar

PLANIFICA

Que fitosanitario convén aplicar?
Existen prácticas de xestión integrada de pragas?

Que equipo de traballo se debe utilizar?
Está dentro dos recomendados polo fabricante do fitosanitario?

Canto produto hai que preparar?
Que tamaño de gota se necesita?
Que condicións meteorolóxicas son favorables para a aplicación?

INFÓRMATE

Sobre os riscos que supón a manipulación e uso do fitosanitario escollido, como hai que protexerse?, como se prepara a disolución que hai que aplicar? (ver a etiqueta e a FDS)

VERIFICA

Que os equipos de traballo están limpos e en bo estado

Que tes á man todos os elementos auxiliares necesarios para levar a cabo o traballo

Que dispós dos equipos de protección individual (EPI) adecuados e están en bo estado

EQUIPOS DE TRABALLO

Son aqueles elementos (máquinas, aparellos, instrumentos ou instalacións) que nos axudan a desenvolver o traballo. RD 1215/1997



Elixe o que che permita realizar a aplicación do fitosanitario da forma recomendada polo fabricante:

Máquina empoadora

Máquina pulverizadora

Fumigadores



Verifica o estado do depósito, bombas, axitadores, válvulas, mangueras, filtros, pistolas, boquillas, lanzas, manómetros, etc, procurando que funcionen correctamente


Regula a altura e o ángulo das barras de pulverización e dos ventiladores para aplicar o produto á altura buscada



Elixe a boquilla máis adecuada ao uso buscado

Axusta a presión para xerar un tamaño de gota adecuado á dose que hai que aplicar

Os valores dos caudais subministrados polas boquillas axustaranse aos fixados polo fabricante




Dispón das ferramentas adecuadas para resolver avarías na máquina durante a aplicación

Atende sempre ao establecido polo fabricante no manual de instrucións do equipo

Lembra que o equipo debe dispor de marcación CE e declaración de conformidade

Traballando con fitosanitarios II

PREPARACIÓN DO CALDO DE TRATAMENTO



Le detidamente a etiqueta e a FDS e manipula o fitosanitario tal como recomenda o fabricante


Lembra que estás usando o produto concentrado



Viste os equipos de protección individual adecuados

Se se derrama produto sobre a roupa, quítaa axiña

Evita o contacto directo co produto concentrado



Non mestures produtos diferentes salvo que o fabricante o permita

Non derrames líquido nin levantes po se o produto é sólido


Dispón de materiais absorbedores para casos de derramos



Os recipientes e utensilios cos que fas a mestura úsaos só para ese cometido, gárdaos limpos e cerrados tras o uso

Prepara as cantidades necesarias para evitar sobrantes do preparado

APLICACIÓN



Deberá ser realizada por traballadores cualificados

Evitarase a participación de embarazadas ou en período de lactación así como de traballadores especialmente sensibles



Non comas, bebas ou fumes durante a preparación e aplicación do produto

Procura intercambiar tarefas con outros traballadores para diminuír o tempo de exposición



Durante a aplicación garda a distancia de seguridade entre aplicadores

Traballa de costas ao vento

Utiliza o equipo de protección individual adecuado



Nunca limpes as boquillas ou outras partes do equipo soprando coa boca, dispón das ferramentas necesarias para facelo

DESPOIS DA APLICACIÓN



Sinaliza a zona de traballo advertindo do perigo

Non entres no campo tratado durante o período de seguridade fixado polo fabricante do fitosanitario



Limpa de produto os equipos e elementos auxiliares pero non vertas os restos directamente sobre regueiros, ríos, fontes e solo



Lava os envases polo menos tres veces antes de retiralos

Entrega os envases baleiros de fitosanitario a un xestor autorizado, non os destines a outros usos



Dúchate e muda de roupa ao rematar a aplicación de fitosanitarios

Se a ducha non é posible, lava ben as mans, brazos e cara con auga e xabón abundante



Limpa e garda os EPI non desbotables segundo indica o fabricante

Revisa e retira os EPI en mal estado

Lava a roupa de traballo por separado

Capacitación dos traballadores

NIVEIS DE CAPACITACIÓN EN FUNCIÓN DA ACTIVIDADE QUE SE REALICE

TIPO DE PRODUTO FITOSANITARIO	NIVEL	PERSONAL QUE O PRECISA
Produtos fitosanitarios que non sexan gases ou non sexan xeradores de gases clasificados como tóxicos e/ou moi tóxicos	Básico	Os agricultores que non dispoñan de persoal auxiliar na mesma explotación Persoal auxiliar das empresas e outras entidades dedicadas á aplicación de produtos fitosanitarios Persoal auxiliar das empresas e explotacións agrarias que apliquen produtos fitosanitarios O persoal auxiliar dos establecementos de venda ao público de produtos fitosanitarios
	Cualificado	Os agricultores e/ou os responsables técnicos das explotacións agrarias que teñan ao seu cargo persoal que aplique produtos fitosanitarios Os responsables das empresas e outras entidades dedicadas á aplicación de produtos fitosanitarios Os responsables técnicos das empresas e explotacións agrarias que apliquen produtos fitosanitarios Os responsables dos establecementos de venda ao público de produtos fitosanitarios Os aplicadores a terceiros
	Piloto aplicador agroforestal	As persoas que están en posesión do título e a licenza de piloto comercial de avión ou helicóptero e aplican produtos fitosanitarios por medios aéreos
Produtos fitosanitarios que son gases ou xeran gases clasificados como tóxicos ou moi tóxicos	Fumigador	Os responsables técnicos, os aplicadores profesionais e o persoal das empresas de servizos que participen de forma directa na aplicación destes produtos
	Especial para a aplicación de fumigantes tóxicos e/ou moi tóxicos para a desinfección de solos	Os agricultores que apliquen estes produtos na súa explotación para a desinfección do solo así como toda persoa que participe na aplicación, agás fumigadores (nivel básico ou cualificado acreditado)
	Especial para a aplicación de fumigantes moi tóxicos contra os micromamíferos do solo	Os agricultores que apliquen estes produtos na súa explotación contra os micromamíferos do chan así como toda persoa que participe na aplicación, agás fumigadores (nivel básico ou cualificado acreditado)

CARNÉ DE MANIPULACIÓN DE PRODUTOS FITOSANITARIOS

- Validez** → 10 anos en todo o territorio nacional
- Expedición** → Xunta de Galicia, consellería con competencias en agricultura
- Exencións para niveis básico e cualificado** → Persoas con titulación universitaria de nivel medio e superior das ramas agrarias e forestais
- Validacións do nivel básico** → Os titulados dos ciclos formativos de grao medio seguintes: técnico en explotacións agrícolas intensivas ou extensivas, técnicos en xardinería, traballos forestais e conservación do ambiente
Outros casos particulares
- Validacións do nivel cualificado** → Os titulados dos ciclos formativos de grao medio seguintes: técnico en explotacións agrícolas intensivas ou extensivas, técnicos en xardinería, traballos forestais e conservación do ambiente
Outros casos particulares


XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E DO MAR



USUARIO PROFESIONAL DE PRODUCTOS FITOSANITARIOS
USUARIO PROFESIONAL DE PRODUCTOS FITOSANITARIOS

Carné nivel

Nome / Nombre

Apelidos / Apellidos

DNI.DNI

de de

O SECRETARIO DE MEDIO RURAL E MONTES
EL SECRETARIO DE MEDIO RURAL Y MONTES

VALIDEZ 10 ANOS

Equipos de protección individual I

Son os utilizados polos traballadores para que os protexan dos riscos que poden ameazar a súa seguridade ou saúde



Viste roupa impermeable ao produto fitosanitario



Utiliza botas de cana alta e impermeables ao produto fitosanitario



Utiliza protectores auditivos fronte ao ruído



Utiliza luvas que sexan impermeables aos produtos que vas aplicar



Protexe os ollos de vapores, pos e salpicaduras



A protección respiratoria é imprescindible nas faenas con produtos fitosanitarios



Unha semimáscara pode lavarse e volver a usarse. A súa protección vai depender do filtro que se lle acople



A protección da máscara completa é máis eficaz que a da semimáscara xa que cobre toda a faciana



Elixe o filtro adecuado ao produto fitosanitario e cámbiao coa frecuencia que indica o fabricante

Equipos de protección individual II

Elíxeos correctamente informándote:

- ☐ Na FDS proporcionada polo fabricante do produto fitosanitario: apartado 8
- ☐ No folleto informativo que acompaña ao EPI proporcionado polo fabricante

INFORMACIÓN QUE ACOMPAÑA AO EPI

Todos os EPI homologados disporán dunha marcación CE. Fíxate nas marcacións específicas que incorporan algúns (filtros, calzado, luvas...) e nos pictogramas doutros. Sempre virán cun cadro informativo impreso na súa embalaxe ou un folleto informativo.

MARCACIÓNS CE

EPI de categoría I

(Protección contra riscos mínimos)



EPI de categoría III

(Protección contra riscos de consecuencias mortais ou irreversibles)



EPI de categoría II

(Protección contra riscos de grao medio ou elevado)

XXXX catro díxitos que identifican o Organismo Notificado de Control responsable de controlar o aseguramento da calidade na produción

MARCACIÓNS ESPECÍFICAS (Filtros para equipos de protección respiratoria)

IDENTIFICACIÓN DEL FABRICANTE	FILTRO COMBINADO COMBINED FILTER FILTRO COMBINATO	EN - 14387:04 EN - 143:01	Marrón Griss Amarillo Verde Blanco
	A2B2E2K2P3	CE ZZZZ	


Significado de A2B2E2K2P3

As letras informan sobre o contaminante químico que debe reter no filtro:

- A: gases e vapores orgánicos con PE > 65 °C
- B: gases e vapores inorgánicos
- E: dióxido de xofre e vapores ácidos
- K: amoníaco e os seus derivados orgánicos
- AX: gases e vapores orgánicos con PE < 65 °C
- SX: gases e vapores específicos

Os números indican a clase:


- Clase 1: baixa capacidade de retención
- Clase 2: media capacidade de retención
- Clase 3: alta capacidade de retención



PICTOGRAMAS

Luvas

Roupa



FOLLETO INFORMATIVO

Identificación do fabricante
Marcación CE
Identificación do Organismo Notificado de Control (se Cat. III)
Norma de requisitos de fabricación aplicable (p.e. EN 374-3:2003)
Pictograma, se procede
Categoría, clase, tipo e indicacións de protección

Condicións de almacenamento, se procede
Instrucións de limpeza, desinfección e mantemento
Instrucións para a utilización correcta
Caducidade, se procede
Contraindicacións de uso, se procede

Inspección de equipos de aplicación

Realizarase nas unidades de inspección autorizadas pola Xunta de Galicia

EQUIPOS QUE HAI QUE INSPECCIONAR	EQUIPOS LIBRES DE INSPECCIÓN
Equipos móbiles de aplicación de produtos fitosanitarios, inscritos no ROMA (Rexistro oficial de maquinaria agrícola) e utilizados na produción primaria, agrícola e forestal, así como os equipos utilizados noutros usos profesionais, e que correspondan a algúns dos seguintes xéneros de máquinas: -Pulverizadores hidráulicos (de barras ou pistolas de pulverización) -Pulverizadores hidropneumáticos -Pulverizadores pneumáticos -Pulverizadores centrífugos -Empoadores	Pulverizadores de mochila, os pulverizadores de arrastre manual (carretilla) con depósito de ata 100 litros, e outros equipos, móbiles ou estáticos, non recollidos anteriormente (salvo disposición máis esixente por parte do órgano competente da comunidade autónoma)
Equipos de aplicación montados a bordo de aeronaves	
Equipos instalados no interior de invernadoiros ou noutros locais cerrados	

CALENDARIO DE INSPECCIÓN DE EQUIPOS DE APLICACIÓN DE FITOSANITARIOS				
TITULARES DE EQUIPOS:	-Empresas de servizos de traballos agrarios	Equipos existentes á entrada en vigor do RD 1702/2011 (10/12/2011)	Polo menos unha vez antes do 26/11/2016	En diante, como mínimo cada 3 anos
	-ATRIAS*, ADS**, outras asociacións similares	Equipos novos (os adquiridos a partir do 10/12/2011)	Polo menos unha vez nos cinco primeiros anos desde a compra	
RESTO DE TITULARES	-Cooperativas agrarias e outras agrupacións de agricultores así como comunidades de bens que agrupen a mais de 10 produtores	Equipos existentes á entrada en vigor do RD 1702/2011 (10/12/2011)	Polo menos unha vez antes do 26/11/2016	En diante, como mínimo cada 5 anos
		Equipos novos (os adquiridos a partir do 10/12/2011)	Polo menos unha vez nos cinco primeiros anos desde a compra	

*ATRIAS: agrupacións para o tratamento integrado en agricultura

**ADS: asociacións de defensa sanitaria

RESULTADO DA INSPECCIÓN

FAVORABLE

Certificado de conformidade

Adhesivo que hai que colocar nun lugar visible

DESFAVORABLE

Certificado de desconformidade

Nova revisión antes de 30 días

Lexislación

Recompilación non exhaustiva de lexislación en materia de prevención de riscos, comercialización, uso sustentable e capacitación orientada a traballos con produtos fitosanitarios

Regulamento (CE) nº 1107/2009 do Parlamento Europeo e do Consello, do 21 de outubro de 2009, relativo á comercialización de produtos fitosanitarios e polo que se derrogan as Directivas 79/117/CEE e 91/414/CEE

Regulamento (UE) nº 547/2011 da Comisión, do 8 de xuño de 2011, polo que se aplica o Regulamento (CE) nº 1107/2009 do Parlamento Europeo e do Consello no que se refire aos requisitos de etiquetaxe dos produtos fitosanitarios

Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais (BOE do 10/11/1995)

Real decreto 39/1997, do 17 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento dos servizos de prevención (BOE do 31/01/1997).

Real decreto 485/1997, do 14 de abril, sobre disposicións mínimas en materia de sinalización de seguridade e saúde no traballo (BOE do 23/04/1997)

Real decreto 773/1997, do 30 de maio, sobre disposicións mínimas de seguridade e saúde relativas á utilización polos traballadores de equipos de protección individual (BOE do 12/06/1997)

Real decreto 1215/1997, do 18 de xullo, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde para a utilización polos traballadores de equipos de traballo (BOE do 07/08/1997)

Real decreto 374/2001, do 6 de abril, sobre protección da saúde e seguridade dos traballadores contra os riscos relacionados cos axentes químicos durante o traballo (BOE do 01/05/2001)

Real decreto 1702/2011, do 18 de novembro, de inspeccións periódicas dos equipos de aplicación de produtos fitosanitarios (BOE do 09/12/2011)

Real decreto 1311/2012, do 14 de setembro, polo que se establece o marco de actuación para conseguir un uso sustentable dos produtos fitosanitarios (BOE do 15/09/2012)

Orde conxunta do 14 de abril de 2009, das consellerías de Medio Rural e de Sanidade, pola que se regula a formación das persoas que realizan actividades relacionadas coa manipulación e aplicación de produtos fitosanitarios na Comunidade Autónoma de Galicia e se crea a Comisión Técnica de Produtos Fitosanitarios (DOG do 22/04/2009)

Decreto 60/2014, do 15 de maio, polo que se regulan as inspeccións periódicas dos equipos de aplicación de produtos fitosanitarios e se crea o Comité Fitosanitario Galego



Instituto Galego
de Seguridade
e Saúde Laboral

galicia



Prevención de riscos no
traballo con FITOSANITARIOS



XUNTA
DE GALICIA